

BOLETÍN 2 – TEMA 7

1. Se un nefrón funciona correctamente na filtración, pero os túbulos non realizan ben a absorción de sodio, que cambios esperarías en...
 - a) Volume de ouriños.
 - b) Presión arterial.
 - c) Concentración de auga no sangue

Xustifica todas as túas respostas.

2. Un determinado fármaco fai que os túbulos renais reabsorban menos sodio. Por que este fármaco aumenta a eliminación de auga e pode baixar a presión arterial?
3. Cal é a diferenza entre a excreción e a defecación?
4. Podería dicirse que o sistema renina – anxiotensina II – aldosterona é un mecanismo homeostático? Por que?
5. Verdadeiro ou falso?
 - a) A codia e a pelve renal están en contacto directo.
 - b) Os pulmóns unicamente excretan CO₂
 - c) Se se pon suor nunha pota e esta quéntase ata evaporar parte da auga, obteríase algo moi semellante aos ouriños.
 - d) O fígado realiza labores de excreción de diversas substancias como os pigmentos biliares, o ácido úrico e determinados fármacos, que se excretan nas feces.
 - e) No ril dereito entre a vea renal dereita e, no esquerdo, a vea renal esquerda. Deles saen, respectivamente, a arteria renal dereita e esquerda.

6. Describe con detalle o percorrido dende que unha molécula x é inxerida na comida ata que é excretada nos ouriños.

Información extra: cando unha molécula é absorbida no intestino, tómana directamente os capilares das vilosidades intestinais. Estes conectan cas chamadas veas mesentéricas e despois van á vea porta hepática, que conecta xa coa vea cava inferior.

7. Aquí tes un exemplo dos resultados dunha análise de ouriños. Contesta as seguintes preguntas:
 - a) Que son os “intervalos de referencia”?
 - b) A que se refire “por campo” no resultado de leucocitos e hematíes?
 - c) A que se refire “ufc/mL”, nas unidades da contaxe de *E. coli*?
 - d) Que parámetros non se atopan dentro dos intervalos de referencia?
 - e) Poderíamos diagnosticar unha glomerulonefrite? Xustifica a túa resposta.
 - f) Poderíamos diagnosticar cálculos renais? Xustifica a túa resposta.
 - g) E unha cistite? Xustifica a túa resposta.

INFORMES DE RESULTADOS DE ANÁLISIS

PACIENTE: ██████████ D.N.I: ██████████
 MEDICO TRATANTE/ INSTITUCIÓN: PARTICULAR DIRECCION: BERLIN 416 URB. EL ALAMBRE
 FECHA DE NACIMIENTO: ██████████ TEL/CEL: ██████████
 EDAD: 50 AÑOS

| ANALISIS | RESULTADO | UNIDADES | INTERVALOS DE REFERENCIA |
|----------|-----------|----------|--------------------------|
|----------|-----------|----------|--------------------------|

Fecha toma de muestra: 15/12/2022
 Metodología: Microscopia/Concentración mínima inhibitoria
 Muestra: Orina

UROCULTIVO

EXAMEN COMPLETO DE ORINA

ASPECTOS FÍSICO-QUÍMICOS

| | | | |
|--------------------------|------------|-----------|---------------|
| - Color: | Ámbar | | |
| - Aspecto: | Turbio | | |
| - Densidad: | 1.025 | | 1.010 - 1.035 |
| - pH: | 5.0 | | 5.0 - 8.0 |
| - Proteína (Albúmina) | 100 | mg/dL | |
| - Glucosa | Negativo | mg/dL | |
| - Cuerpos Cetónicos | Negativo | mg/dL | 0 - 14 |
| - Bilirrubina | Negativo | | |
| - Urobilinógeno | Normal | UE/dL | 0 - 1 |
| - Hemoglobina | Negativo | Hemat/uL | 0 - 9 |
| - Leucocitos (Est. Leu.) | 500 | Leucoc/uL | 0 - 14 |
| - Nitritos | Negativo | | |

ESTUDIO MICROSCÓPICO:

| | | | |
|-----------------------|-------------------------------|------------|-------|
| - Leucocitos | Mayor de 100 por campo | x campo AP | 0 - 5 |
| - Hematies | 2 por campo | x campo AP | 0 - 2 |
| - Células Epiteliales | Regular Cantidad | | |
| - Gérmenes | Abundantes | | |
| - Cristales | No se observan | | |
| - Cilindros | No se observan | | |

EXAMEN DIRECTO/GRAM

| | |
|-------------------------|-----------------------------------|
| - Tipo de muestra | Orina |
| - Bacterias (Col. Gram) | Bacilos Gram negativos abundantes |

IDENTIFICACIÓN

| | | |
|------------------|-------------------------|--------|
| - Identificación | <i>Escherichia coli</i> | |
| - Contaje | > 100,000 | ufc/mL |

ANTIBIOGRAMA AUTOMATIZADO CON M.I.C

- Se adjunta resultado de Antibiograma por M.I.C